

IES AS TELLEIRAS – MATERIAS PENDENTES PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia	Lingua Galega e Literatura	Páx.	1
Curso	Pendentes 3º ESO		
Profesorado responsable	Xefe/a de departamento		

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1º EXAME

B.3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

LÉXICO - Palabras patrimoniais, cultas e semicultas. As relacións semánticas. A creación de palabras: derivación e composición.

GRAMÁTICA - Unidades lingüísticas. A palabra e a súa estrutura. Tipos de palabras. Substantivo e adxectivo.

GRAMÁTICA - Os pronomes (artigos, demostrativos, posesivos, persoais e outros pronomes). O verbo.

ORTOGRAFÍA - Regras xerais de acentuación. O acento diacrítico. Maiúsculas e minúsculas.

ORTOGRAFÍA - Signos de puntuación.

B.4. LINGUA E SOCIEDADE

Estratos lingüísticos.

O galego na Idade Media.

O galego e a lusofonía.

LINGUA E SOCIEDADE

A lingua galega do S. XIX a 1916.

B.5. EDUCACIÓN LITERARIA

A lírica medieval (cantigas de amigo, cantigas de amor, cantigas de escarnio e maldicir e outros xéneros).

Rosalía de Castro.

2º EXAME

B.3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA

GRAMÁTICA - Unidades e funcións sintácticas (Frase, cláusula e oración. Suxeito e predicado. Complementos do predicado. Cláusula e oración).

ORTOGRAFÍA - Uso de b/v, s/x, c/z e h e outras consoantes. Os grupos consonánticos. A grafía dos homónimos e os parónimos.

B.4. LINGUA E SOCIEDADE:

A lingua galega na actualidade. O contacto entre linguas.

B.5. EDUCACIÓN LITERARIA:

Eduardo Pondal.

Manuel Curros Enríquez.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A) INSTRUMENTOS:

- Fichas Exames.

B) CRITERIOS:

Fichas: 40%

Semanalmente o profesorado que imparte clase en 3º ESO entregará unha ou dúas fichas coa teoría básica e actividades sobre ela. Unha vez feitas e entregadas, devolveranse corrixidas, explicando os erros cometidos. Avaliarase este traballo sobre 4 puntos.

Exames: 60%

Ao longo do curso deberán facer dous exames (parciais) que puntuarán sobre 6. Nos exames entrará unha parte teórica e unha parte práctica seguindo o modelo das fichas.

Para aprobar a materia por parciais é necesario acadar unha nota igual ou superior a 5 despois de sumar a nota do traballo semanal (fichas) e a nota do exame. De non ser así, terán que presentarse a un exame final de toda a materia que se puntuará sobre 10. Para aprobar é necesario acadar unha nota igual ou superior a 5.

A nota final da materia para os que teñan que ir ao exame final será a máis alta: ben a nota media dos parciais ou ben a nota do exame final.

O alumnado que non consiga o aprobado mediante este procedemento terá dereito a unha proba de recuperación na que entrarán todos os contidos do curso. Para aprobar a materia será imprescindible sacar unha nota igual ou superior a 4,5.